

Resolución reitoral do 2 de febrero de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas a programas de actividades estudiantís na Universidade da Coruña durante o ano 2026 e se procede á súa convocatoria

CAPÍTULO I. Disposicións xerais	2
Artigo 1. Obxecto	2
Artigo 2. Requisitos das asociacións solicitantes	2
CAPÍTULO II. Procedemento de concesión das axudas	3
Artigo 3. Presentación das solicitudes	3
Artigo 4. Prazo de presentación de solicitudes	3
Artigo 5. Listaxe provisional e definitiva de solicitudes admitidas	3
Artigo 6. Avaliación e proposta de resolución	3
Artigo 7. Adxudicación	4
Artigo 8. Aceptación da axuda	4
CAPÍTULO III. Aspectos económicos	4
Artigo 9. Financiamento	4
CAPÍTULO IV. Obrigas das asociacións adxudicatarias	5
Artigo 10. Realización e difusión das actividades programadas	5
Artigo 11. Memoria xustificativa e actualización de datos	5
Artigo 12. Incumprimento de obrigas	6
CAPÍTULO V. Seguimento e control das axudas	6
Artigo 13. Seguimento e control	6
CAPÍTULO VI. Protección de datos	6
Artigo 14. Protección de datos	6
Disposición final primeira. Habilitación	8
Disposición final segunda. Recursos	8
Disposición final terceira. Publicación e entrada en vigor	8
Anexo I- Criterios sobre gastos subvencionables nas axudas a programas de actividades estudiantís da UDC	9

En exercicio da competencia delegada polo reitor por Resolución reitoral pola que se establece a estrutura orgánica dos servizos centrais da Universidade da Coruña e as competencias dos seus órganos directivos e ao amparo do que dispón o seu artigo 7.1.a), a Vicerreitoría de Estudantes e Empregabilidade establece as seguintes bases reguladoras das axudas a programas de actividades estudiantís na Universidade da Coruña durante o ano 2025 e procede á súa convocatoria.

CAPÍTULO I. Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto

1. Esta resolución establece as bases reguladoras das axudas a programas de actividades estudiantís no ano 2026 e abre o prazo para a presentación de solicitudes.
2. As axudas teñen por obxecto apoiar os programas con actividades que beneficien o estudiantado e melloren a súa formación e experiencia na UDC. Procúrase fomentar e incrementar as actividades que:
 - a) reforcen a difusión da información e a participación estudiantil;
 - b) aumenten o desenvolvemento científico, cultural, artístico e deportivo;
 - c) preparen ao estudiantado para o exercicio de actividades profesionais;
 - d) difundan as titulacións da UDC;
 - e) impulsen e estimulen a tolerancia e a igualdade no ámbito universitario;
 - f) calquera outra actividade que anime a participación activa do estudiantado.
3. Quedan excluídas desta convocatoria as actividades que:
 - a) estean previstas nos plans de estudos das titulacións da UDC ou que organice algún dos seus centros e servizos;
 - b) se dirixan exclusivamente aos membros da asociación e non beneficien o resto do estudiantado.

Artigo 2. Requisitos das asociacións solicitantes

Poderán ser beneficiarias destas axudas aquelas asociacións da UDC que cumpran as seguintes condicións:

- a) Estean legalmente constituídas e inscritas no Rexistro de Asociacións de Estudiantes da UDC (RAE- UDC) e no Rexistro de Asociacións de Antigos Estudiantes da UDC (RAAE-UDC) antes de que finalice o prazo desta convocatoria.
- b) Teñan estudiantado da UDC entre os membros das xuntas directivas, tal e como establece o artigo 5 do Regulamento de asociacións de estudantes, aprobado no Consello de Goberno do 19/12/2005 e modificado o 26/11/2009 (a partir de agora, Regulamento de asociacións)
- c) Cumpran cos requisitos que establece o artigo 20 do Regulamento de asociacións.
- d) De se tratar de asociacións de antigos estudantes, cumpran cos requisitos que establece o artigo 17 do Regulamento de asociación de antigos/as estudantes da UDC, aprobado no Consello de Goberno do 20/07/2017.
- e) Dispoñan dunha conta institucional de correo electrónico da asociación (@udc.gal).
- f) Estean dadas de alta na base de datos de terceiros da UDC.

CAPÍTULO II. Procedemento de concesión das axudas

Artigo 3. Presentación das solicitudes

1. As solicitudes presentaranse a través do formulario dispoñible na seguinte ligazón: <https://udc.es/gl/sape/asociacionismo/>.
2. Ás solicitudes xuntaráselle a seguinte documentación:
 - a) información sobre todas as actividades que se van realizar;
 - b) un orzamento detallado das actividades (a contía que se solicite non poderá superar o 50 % do total dispoñible nesta convocatoria);
 - c) as fontes de financiamento externo, se as houber;
 - d) os gastos de material funxible.
3. Só se poderá presentar unha solicitude por asociación.

Artigo 4. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo para presentar as solicitudes será de 20 días hábiles que contarán a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no [Taboleiro Electrónico Oficial](https://sede.udc.gal/services/electronic_board) (TEO) https://sede.udc.gal/services/electronic_board da Sede Electrónica da UDC.

Artigo 5. Listaxe provisional e definitiva de solicitudes admitidas

1. Unha vez que finalice o prazo para presentar as solicitudes, o Servizo de Estudantes revisará estas para comprobar que cumpran cos requisitos establecidos nos artigos 2 e 3. Logo de as revisar, elaborará unha listaxe provisional das solicitudes admitidas, que publicará no TEO.
2. Contra esta listaxe provisional, abrirase un prazo de dez días hábiles para presentar reclamacións, que comezará ao día seguinte da súa publicación no TEO. As reclamacións pódense presentar no Rexistro electrónico da UDC, en calquera oficina de rexistro da Universidade, ou a través de calquera das formas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).
3. O Servizo de Estudantes resolverá as alegacións e publicará no TEO a listaxe definitiva, indicando os recursos que procedan.

Artigo 6. Avaliación e proposta de resolución

1. O Servizo de Estudantes avaliará as solicitudes de conformidade cos seguintes criterios:
 - a) Porcentaxe fixa para cada solicitude: 20 %
 - b) Número de estudantado e centros que se espera que se beneficien das actividades: 20 %, 35 %, 50 %
 - c) Carácter continuado e non ocasional das actividades: 4 %

- d) Resultados que se obtiveron en convocatorias anteriores: 4 %
- e) Capacidade para xeraren procesos de participación e fomentar a tolerancia e a igualdade: 5 %
- f) Viabilidade do proxecto, tendo en conta os recursos da asociación: 5 %
- g) Fontes de financiamento externo solicitadas ou concedidas: 3 %
- h) Colaboración na difusión das titulacións da UDC nos centros de ensino secundario, bacharelato e formación profesional: 10 %
- i) Colaboración e participación coa Vicerreitoría de Estudantes e Empregabilidade (VEE) e outras vicerreitorías na difusión das súas actividades: 5 %
- j) Colaboración con entidades benéfico-sociais e outras iniciativas: 4 %

2. O Servizo de Estudantes elaborará unha proposta de resolución en que figuren as asociacións beneficiarias e as contías adxudicadas, que lle remitirá á Comisión delegada do Consello de Goberno con competencias en materia de estudantado para o seu coñecemento e informe.

Artigo 7. Adxudicación

1. A Vicerreitoría con competencias en materia de estudantado resolverá a convocatoria e ordenará a publicación da resolución de adxudicación no TEO.

2. Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o Xulgado competente do contencioso-administrativo, segundo o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Tamén se poderá presentar, de maneira opcional, un recurso de reposición ante o/a reitor/a, no prazo dun mes, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da LPACAP. Ambos os prazos contarán desde o día seguinte á súa publicación no TEO.

Artigo 8. Aceptación da axuda

Na resolución definitiva indicarse o prazo e o procedemento para que as asociacións acepten as axudas.

CAPÍTULO III. Aspectos económicos

Artigo 9. Financiamento

1. As axudas que financian esta convocatoria serán a cargo da partida orzamentaria 030A.422D.480.01 (Axudas ás asociacións e grupos de estudantes da VEE) por un importe total de 44.000 €.

2. O reparto inicial das axudas efectuarase pola Comisión de Extensión Universitaria, segundo os criterios establecidos no artigo 6 da convocatoria, entre todas as asociacións solicitantes ata un máximo de 3.500 € por asociación, tendo en conta o

número de solicitudes, as características das peticións presentadas e as limitacións no orzamento dispoñible.

No caso de que, tras a fase de xustificación dos gastos, quede crédito dispoñible no expediente de gasto, este poderá ser redistribuído de forma equitativa entre aquelas asociacións que acreditasen gastos superiores á contía inicialmente concedida, sen que en ningún caso se poida superar o límite máximo de 3.500 € por asociación.

A redistribución efectuarase mediante resolución complementaria, motivada e publicada, garantindo os principios de publicidade, concorrência e igualdade entre todas as entidades beneficiarias.

CAPÍTULO IV. Obrigas das asociacións adxudicatarias

Artigo 10. Realización e difusión das actividades programadas

1. Ao aceptar a axuda concedida, cada asociación comprométese a realizar as actividades programadas. De se producir algunha modificación substancial das actividades inicialmente propostas deberáselle comunicar á VEE e solicitar a autorización pertinente para poder realizar a actividade.

2. Na difusión das actividades e nas publicacións relacionadas haberá que indicar expresamente que foron financiadas ou cofinanciadas pola VEE da UDC.

Artigo 11. Memoria xustificativa e actualización de datos

Do 1 ao 30 de setembro de 2026, as asociacións beneficiarias achegaranlle á VEE a seguinte documentación:

Unha memoria das actividades realizadas entre o 1 de outubro de 2025 e o 30 de setembro de 2026, xunto coa xustificación económica da axuda concedida.

A memoria deberá recoller, de forma clara e concisa, as actividades desenvolvidas, os resultados acadados e o impacto no estudiantado, así como unha relación detallada dos gastos imputados á axuda, de acordo cos criterios de gastos subvencionables recollidos no anexo I desta convocatoria.

Para acreditar o desenvolvemento das actividades, deberán presentarse evidencias documentais (como carteis, programas ou convocatorias) e/ou fotografías dos eventos. Débese cumprir a normativa de protección de datos e as imaxes das persoas participantes deberán ser anonimizadas (por exemplo, pixelando os rostros), agás que a asociación obteña o consentimento explícito, informado e verificable das persoas participantes.

Se algunha das actividades implicou un custo para as persoas participantes, terá que ser debidamente xustificado na memoria, explicando as razóns e as medidas adoptadas para facilitar a participación do conxunto do estudiantado.

- Os gastos xerados polas actividades serán xustificados mediante facturas completas e orixinais a nome da asociación. Non se admitirán facturas proforma, tickets ou documentos semellantes. Cando as facturas se reciban por correo electrónico, deberán acompañar dunha declaración responsable sobre a súa veracidade. Poderanse presentar facturas con data de emisión anterior ao inicio do período desta convocatoria, sempre que se xustifique que corresponden a gastos necesarios para a realización de actividades incluídas na solicitude de axuda.

b) A actualización dos datos das asociacións de estudantes segundo o que establece o artigo 20 do Regulamento de asociacións.

No caso das asociacións de antigos/as estudantes deberánlle comunicar ou confirmar os datos da súa xunta directiva á VEE antes do 30 de outubro do 2026.

Artigo 12. Incumprimento de obrigas

O incumprimento das obrigas dos artigos 9 e 10 dará lugar á perda do dereito á axuda económica concedida.

CAPÍTULO V. Seguimento e control das axudas

Artigo 13. Seguimento e control

1. Para garantir un adecuado seguimento e control das axudas concedidas, a Comisión de Extensión Universitaria, a través da VEE, poderalle solicitar ás asociacións toda a documentación que considere necesaria. Ademais, poderá comprobar o contido das solicitudes de subvención, verificar que as actividades subvencionadas se realicen correctamente e difundilas para lles dar maior visibilidade.

2. A VEE será a responsable de xestionar os pagamentos derivados das axudas.

CAPÍTULO VI. Protección de datos

Artigo 14. Protección de datos

1. De conformidade co artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos ("Regulamento xeral de protección de datos" ou RXPDP), e o artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), os datos que faciliten as asociacións interesadas mediante a concorrencia a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da UDC, cos seguintes datos de contacto: rúa da Mestranza 9, 15001 A Coruña; correo electrónico: secretaria.xeral@udc.gal

2. Solicitar unha destas axudas a programas de actividades estudiantís na UDC supón a aceptación do contido desta resolución e a autorización para que os datos persoais das asociacións, así como os datos persoais alleos que estas proporcionen, sexan utilizados pola UDC, de acordo coa LOPD e con base de lexitimación nalgunha das bases previstas no artigo 6 do RXPd, coa finalidade da correcta xestión das axudas. Todas as persoas que entren en contacto con estes datos coa citada finalidade cumprirán o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da LOPD.

3. Ao concorrer a esta convocatoria, as asociacións de estudantes interesadas consenten expresamente a publicación dos seus datos na resolución da convocatoria no TEO, na forma prevista na disposición adicional sétima da LOPD.

A resolución desta convocatoria permanecerá publicada no dito taboleiro. Os datos persoais facilitados polas asociacións de estudantes serán conservados mentres resulten necesarios para as finalidades do tratamento e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente, sen prexuízo do previsto en relación co exercicio do dereito de supresión e outros dereitos recollido na LOPD.

4. As asociacións interesadas consenten no tratamento dos seus datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terán dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efecto retroactivo. Teñen dereito a lle solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, a rectificación ou a supresión dos seus datos e a limitación do seu tratamento. Tamén terán dereito a se opoñer ao dito tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos.

Estes dereitos poderanse exercer da seguinte maneira:

a) Prioritariamente, a través do formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais, que figura na [Sede Electrónica da UDC](https://sede.udc.gal) <https://sede.udc.gal/>, no apartado “outros trámites”.

b) Mediante unha solicitude por escrito á persoa responsable do tratamento dos datos (UDC, Secretaría Xeral), dirixida ben ao enderezo: Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa da Mestranza 9, 15001 A Coruña; ben ao correo electrónico rpdp@udc.gal. Tamén se poderá presentar esta solicitude a través do rexistro telemático da Sede Electrónica da UDC ou nos rexistros presenciais da UDC.

c) Mediante unha solicitude por escrito dirixida á persoa delegada de Protección de Datos, ben ao mesmo enderezo postal antes indicado, ou ben ao correo electrónico dppd@udc.gal. Tamén se poderá presentar esta solicitude a través do rexistro telemático da dita sede electrónica ou nos rexistros presenciais da UDC.

Do mesmo xeito, terán dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

Disposición final primeira. Habilitación

Habilítase a vicerreitoría con competencias en estudantado para ditar instrucións, completar esta resolución e interpretar e resolver as dúbidas que poidan xurdir na súa aplicación.

Disposición final segunda. Recursos

Contra esta resolución, que pon fin ao proceso administrativo, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o Xulgado competente do contencioso-administrativo, segundo o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Tamén se poderá presentar, de maneira opcional, un recurso de reposición ante o/a reitor/a, no prazo dun mes, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da LPACAP. Ambos os prazos contarán desde o día seguinte á súa publicación no TEO.

Disposición final terceira. Publicación e entrada en vigor

Esta resolución entrará en vigor a partir do día seguinte ao da publicación no TEO.

O reitor

PD (RR 10/07/2024)

A vicerreitora de Estudantes e Empregabilidade

Anexo I- Criterios sobre gastos subvencionables nas axudas a programas de actividades estudiantís da UDC

1. Obxecto

Este anexo ten por obxecto ofrecer ás asociacións estudiantís unha guía clara e práctica sobre o destino das axudas reguladas nesta convocatoria, co fin de facilitar a planificación das actividades e a xustificación dos gastos.

De acordo co artigo 1 da convocatoria, as axudas están destinadas a apoiar programas de actividades que beneficien ao estudiantado e melloren a súa formación e experiencia na UDC, en coherencia co carácter non lucrativo das asociacións.

2. Criterios xerais de gasto

As asociacións poderán empregar a axuda nos conceptos que resulten necesarios para levar a cabo as actividades programadas, tales como material funxible, equipamento, desprazamentos e outros custos asociados, sempre que se cumpran os seguintes criterios de gasto:

- a) Os gastos deben estar directamente vinculados ao desenvolvemento das actividades descritas na solicitude presentada.
- b) As actividades e os gastos asociados deben contribuir de maneira significativa ao conxunto do estudiantado ou a un sector amplo deste, garantindo beneficios compartidos e un retorno claro para a comunidade estudiantil, máis alá da xunta directiva.
- c) Os gastos deben axustarse aos límites económicos e temporais establecidos na convocatoria, garantindo unha proporción adecuada en relación co orzamento total da axuda.
- d) O material adquirido con cargo á axuda destinarase exclusivamente á promoción da asociación e/ou das actividades subvencionadas, garantindo o seu uso con carácter non lucrativo. Poderá entregarse de forma gratuíta ás persoas participantes. Isto inclúe, a título de exemplo, camisetas, sudadeiras, tazas ou outros produtos de merchandising.

Considerarase axeitada aquela xustificación que amose unha distribución equilibrada da axuda entre os distintos conceptos de gasto, garantindo que se priorizan os recursos necesarios para a realización efectiva de actividades abertas ao estudiantado e evitando a concentración maioritaria do importe nun único concepto.

3. Tipoloxía de gastos subvencionables

3.1. Material funxible

Considéranse subvencionables, entre outros, os seguintes gastos de material funxible, sempre que resulten necesarios para o desenvolvemento das actividades:

- material de oficina (carpetas, bolígrafos, marcadores, etc.),
- material de impresión e encadernación (tapas de plástico, canutillos, etc.),
- material de laboratorio ou de divulgación que se consome durante a realización das actividades (placas de Petri, reactivos, máscaras, luvas, pequenas pezas para experimentos, etc.),
- material de difusión e merchandising entregado gratuitamente (chapas, adhesivos, camisetas para participar nunha actividade, etc.), sempre que non se venda,
- outros consumibles imprescindibles para o desenvolvemento das actividades incluídas na solicitude.

Todos estes gastos serán admitidos sempre que se xustifique a súa relación co programa de actividades financiado.

3.2. Equipamento e outro material duradeiro

Poderase destinar unha parte minoritaria da axuda á adquisición de equipamento ou outro material duradeiro (por exemplo, ordenadores portátiles, impresoras, pequeno material audiovisual ou similar), cando:

- a) Se acredite que é necesario para organizar, mellorar ou dar continuidade ás actividades da asociación, e
- b) non desvirtúe o obxecto da axuda, que é o desenvolvemento de actividades dirixidas ao estudantado.

Considerarase axeitada aquela xustificación na que os gastos directamente asociados á execución das actividades (organizativas, formativas, divulgativas, etc.) constitúan o concepto principal de gasto, de modo que a adquisición de equipamento teña un carácter complementario e cun importe minoritario. Favorecerase así unha distribución equilibrada da axuda que priorice a realización efectiva de actividades abertas ao estudantado.

3.3. Desprazamentos e axudas de custo

Serán subvencionables os gastos de desprazamento ligados ao desenvolvemento das actividades, tales como:

- quilometraxe,
- billetes de transporte público,
- taxas de inscrición en congresos, xornadas ou eventos similares.

Para que estes gastos sexan admitidos, deberá:

- a) xustificarse que a temática do evento garda relación coas actividades ou co ámbito da asociación, e
- b) explicarse na memoria económica e de actividades como reverterá esa participación no conxunto do estudantado (por exemplo, mediante reunións abertas, relatorios, obradoiros ou outras actividades nas que se compartan os resultados, as novidades e as aprendizaxes do evento).

Non se considerarán subvencionables os gastos de manutención (comidas, ceas, almozos, cafés ou conceptos semellantes) asociados ao desprazamento.

3.4. Outros gastos asociados ás actividades

Tamén se poderán imputar á axuda outros gastos directamente relacionados co desenvolvemento das actividades, tales como:

- difusión e comunicación (cartelería, impresión de materiais, xestión en liña, etc.),
- aluguer de espazos ou equipamento necesario para obradoiros ou eventos,
- seguros ou outros custos obrigatorios asociados á actividade,
- pequenos gastos de avituallamento ofrecidos ás persoas asistentes (por exemplo, unha pequena merenda ou café nun descanso dunha xornada), sempre que:
 - o sexan complementarios,
 - o estean razoablemente xustificadas, e
 - o non constitúan o elemento central nin principal do gasto da actividade.

4. Aplicación do anexo

O presente anexo complementa as condicións establecidas na convocatoria e será aplicado polo Servizo de Estudantes tanto na revisión das memorias xustificativas como na resolución das dúbidas que poidan formular as asociacións.

En caso de dúbida sobre a subvencionabilidade dun gasto concreto, recoméndase que a asociación consulte co Servizo de Estudantes con carácter previo á realización do gasto ou á súa imputación á axuda.